

Pàmies ten o grao en Música con mención honorífica do Conservatorio de Nova Inglaterra e actualmente está cursa estudos de doutoramento en composición na Universidade do Noroeste, onde tamén ensina habilidades auditivas. Estudou con Mark André, Pierluigi Billone, Brian Ferneyhough, John Heiss, Lee Hyla, Fabien Lévy, Stratis Minakakis, Héctor Parra, Enric Riu, Hans Thomalla, e Alan Jay Yim. Pàmies deu clases sobre a súa propia música na Universidade de Columbia en Nova York, na Academia Internacional do Moscow Contemporary Music Ensemble e na Universidade do Noroeste.

Miguel Farías. Chile, 1983

Estudou na Universidade de Chile e, desde 2009, na Haute Ecole de Musique de Geneve e no CNR de Lyon e no Conservatorio de Aubervilliers.

Gañador de varios premios internacionais como o Joan Guinjoan (Barcelona), o Manuel Valcárcel (Santander), o do Injuve 2007 (España), o Luís Advis 2007 (Chile), o Frederic Mompou (Barcelona) ou o premio do concurso BMW Música Viva da Orquestra da Radio de Baviera (Múnic, Alemaña). Así mesmo, foi finalista nos concursos Isang Yun Music Prize 2007 (Corea), Tactus 2008 (Bélxica), Queen Elisabeth Internacional Music Competition (Bélxica) e Premio Reina Sofía de Composición Musical (España).

As súas obras foron executadas por agrupacións como Ensemble Contrechamps, Ensemble Aleph e Luxemburgo Sinfonietta, entre outras, e por orquestras como a Orquesta da RTVE, a Orquestra de Lille, Orchestre de Lorraine, a Orquestra Sinfónica de Corea e a Orquestra Sinfónica de Chile.

No 2008 foi compositor residente do Forum International des Jeunes Compositeurs de Ensemble Aleph (Francia). Tamén foi seleccionado polo comité de lectura IRCAM / Ensemble Intercontemporain 2010 como finalista do Tremplin 2010. O 2011 foi finalista no Composer Project do Festival de Lucerna, con Pierre Boulez como xurado.

En xuño de 2012, Santiago de Chile viu a estrea da súa ópera *Renca, París y liendres*, interpretada pola Orquestra Sinfónica de Chile, que causou moito alboroto e tivo excelentes críticas. Esta obra foi gañadora do premio do Círculo de Críticos de Arte en 2012.

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Pablo Coello saxofóns e dirección musical / Jorge Montes violín / Criptana Angulo violoncello / Antonio Ocampo, Diego Ventoso percusión / David Durán, Haruna Takebe piano / Ramón Souto dirección artística

CGAC

SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán s/n, 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623 / cgac.actividades@xunta.es / www.cgac.org

XUNTA DE GALICIA galici@ 2013 ANIVERSARIO CGAC

vertixe sonora ensemble

USC

MÚSICA E ARTE. CORRESPONDENCIAS SONORAS

CICLO DE CONCERTOS

Centro Galego de Arte Contemporánea. Martes, 11 xuño 2013

THE MIND ON FIRE

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Sergej Newski *Bastelmusik*1* (2003)

saxofón alto, violín, piano e percusión

Cem Özçelik *eternal curve*** (2013)

violoncello, piano e percusión

Yoshiaki Onishi *Tr** (rev. 2012)

violoncello e piano

Joan Arnau Pàmies *canvas* (2010)

saxofón soprano, piano e percusión

Miguel Farías *Palette*** (2013)

saxofón barítono, violoncello, piano e percusión

“Simplicidade, quietude e rigor cun mínimo artificio [...] evocar a naturalidade do obxecto, o seu interese pola percepción e o desexo de profundar en como vemos máis que no que vemos”, son claves da obra de James Welling nas que se sustenta este segundo concerto do ciclo *Música e arte: correspondencias sonoras*.

Na música de Sergej Newski (Rusia, 1972) hai un continuo interese pola voz no seu aspecto fónico (non naquilo que dicimos, senón no proceso de dicilo); e non só nas súas obras vocais, tamén nas puramente instrumentais como é o caso de *Bastelmusik, 1* coa asimilación ou achega dos instrumentos aos procesos fónicos. A acción corporal, o proceso físico inherente á produción do son, confírelle á súa música unha especial dramaturxia: “...unha suxestión de sobrepoñerse a un obstáculo, unha loita física pola comunicación”.

En *Tr* o interese de Yoshiaki Onishi (Xapón, 1981) “non está en dicir algo”: a obra está concibida como a transición entre un son inicial (o derradeiro da anterior composición) e un son final (o primeiro da seguinte obra do programa). Onishi constrúe, nun proceso de dilatación e transformación no tempo da materia sonora, unha ponte para a comunicación, unha modulación da percepción de dúas realidades inicialmente inconexas.

*Presentación en España / **Estrea absoluta. Encarga de *Vertixe Sonora*

Canvas é un exemplo da preocupación de Joan Arnau Pàmies (España, 1988) polas relacións entre a escritura e o son, pola categorización da composición fronte a interpretación; cunha escritura moi detallista e precisa en aspectos directamente relacionados co son, co aspecto rítmico e, por extensión, co temporal, as súas obras posibilitan, ou mesmo fan obrigada, unha activa interacción entre os tres intérpretes para apoderarse da definitiva construción do discurso musical.

Eternal Curve e *Palettes* son froito da encarga de Vertixe Sonora aos compositores Cem Özçelik (Turquía, 1983) e Miguel Farías (Chile, 1983) a partir da obra de James Welling. O compositor turco amósase interesado pola énfase do intuitivo e pola conexión coa audiencia a través dun discurso fluído, enérxico e colorido. A partitura de Farías, pola súa banda, desenvolve unha ampla *paleta* de cores tímbricas superpostas: as sonoridades mutables dos catro instrumentos mestúranse en múltiples e intrincadas combinacións rítmicas que conducen a un completo e rico abano de texturas.

Pablo Coello

OS COMPOSITORES

Sergej Newski. Rusia, 1972

Logo de completar os seus estudos na escola de música do Conservatorio Estatal Tchaikovsky, onde se especializou en teoría musical, estudou composición con Jörg Herchet na *Hochschule für Musik* en Dresden e con Friedrich Goldmann na *Universität der Künste* en Berlín. Alí tamén recibiu formación en teoría musical e pedagogía con Hartmut Fladt. Estas experiencias, así como as *masterclasses* con Vinko Globokar e Matthias Spahlinger, os encontros con Helmut Lachenmann, Beat Furrer e Helmut Oehring e os contactos coa escena da improvisación libre en Berlín, tiveron unha importante influencia no seu desenvolvemento como compositor.

Desde 1994 a súa música é interpretada nos principais festivais internacionais, incluídos o Festival Donauechingen, o Wien Modern, o Éclat, a Gaudeamus Music Week, a Berliner Festwochen, os ISCM New World Music Days, o Moscow Territoryfest e Ultraschall.

Recibiu encargos de Klangforum Wien, Ensemble Scharoun, Neue Vocalsolisten Stuttgart, SWR, Deutschlandradio, Konzerthaus Berlin, Deutsche Staatsoper Unter den Linden e do Ministerio Noruegués de Cultura. Os intérpretes da súa música inclúen non só Klangforum Wien, Neue Vocalsolisten e Ensemble Modern, senón tamén Nieuw Ensemble, Musikfabrik, Moscow Contemporary Music Ensemble, KNM Berlín, Ensemble Mosaik, ademais de solistas e intérpretes como Teodoro Anzellotti, Natalia Pschenitschnikowa, Daniel Gloger e Michael Lentz, e directores como Peter Rundel, Johannes Kalitzke, Jürg Wyttenbach, Tito Engel, Enno Poppe, Teodor Kourentzis e Vladimir Jurowski.

En 2006 gañou o primeiro premio no concurso de composición Landeshauptstadt Stuttgart co súa obra *Fluss* (versión de 2005). Foi bolseiro de institucións como Vila Massimo / asa Baldi, Vila Serpentara, Künstlerhof Schreyahn, Cité Internationale des Arts París ou o Senado e a Akademie der Künste de Berlín. No festival de música de San Petersburgo, en abril de 2008, recibiu o premio do público pola composición *Alles*, para recitador e *ensemble*. En 2012, un retrato-CD producido polo German Music Council será editado polo selo discográfico Wergo.

Cem Özçelik. Turquía, 1983

Recibiu o Master of Arts Degree en Música do MIAM (Centro de Estudos Avanzados en Música) da Universidade Técnica de Estambul en 2012, onde estudou composición con Michael Ellison, Adam Roberts, Rubén de Lautour, Pieter Snapper e Kamran nce.

Estudou tamén con Tim Hodgkinson, Matthias Spahlinger, Brian Ferneyhough, Pierluigi Billone, James Dillon, Wolfgang Rihm, Dai Fujikura, Martijn Padding, Wim Henderickx, Peter Adriaansz. A súa música é interpretada en numerosos festivais de música contemporánea

Yoshiaki Onishi. Xapón 1981

Compositor e director, é tamén profesor asistente na Universidade de Columbia. Os seus principais profesores en Columbia foron Fabien Lévy, Fred Lerdahl e Tristan Murail.. Recibiu o Artist Diploma e o Master de Música en composición musical pola Yale School of Music en 2008 e 2007 respectivamente. Antes de Yale, estudou composición, clarinete e dirección no conservatorio de música da Universidade do Pacífico, en Stockton, California, onde se graduou en 2004 coas máis altas cualificacións.

Descrito polo crítico do *New York Times* Anthony Tommasini en 2010 como “[...] un compositor que pode utilizar tan variados sons, estrañamente sedutores”, a música de Onishi foi interpretada en todo o mundo por *ensembles* como o JACK Quartet (EUA), Next Mushroom Promotion (Xapón) ou Nieuw Ensemble (Holanda). Gañador de varios premios, recibiu o Gaudeamus Prize 2011, un dos máis prestixiosos galardóns concedidos aos novos compositores.

Recentemente obtivo unha residencia artística da Fundación Civitella Ranieri en Umbertide, Italia, así como unha encarga de Ensemble Intercontemporain, dentro do Projet Tremplin.

Dirixiu Talea Ensemble, Wet Ensemble Ink, Yale Philharmonia, Iktus Percussion, Mantra Percussion, Loadbang e Ensemble Academy PMF. Como director colaborou ademais con compositores como Zosha Di Castri, Curtis K. Hughes, Alec Hall, Bryan Jacobs, Wang Lu, Kate Soper e Matthew Ricketts.

Joan Arnau Pàmies. España, 1988

A música de Joan Arnau Pàmies está centrada na formulación de cuestións relacionadas co texto, coa notación, co son e coa distinción entre composición e interpretación como actividades categoricamente diferentes. As súas investigacións recentes indagan sobre as posibilidades de obxectos de notación non convencionais para desenvolver procesos intrincados de composición.

A súa música foi interpretada nos Estados Unidos, Canadá, Rusia e Europa por *ensembles* e solistas como Arditti Quartet, Ensemble Dal Niente, Felix Del Tredici, JACK Quartet, Kathryn Schulmeister, Moscow Contemporary Music Ensemble, New Morse e Nora Volkova Ensemble. Ademais é o cofundador de Miiryn, un colectivo de música contemporánea que funciona como catalizador para a colaboración entre artistas independentes e é director de desenvolvemento artístico do Fonema Consort.

Recibiu premios e bolsas como a Eckstein Fellowship da Universidade do Noroeste (Chicago), o Wallace Scholarship Fund, do Conservatorio de Nova Inglaterra (Boston), e a bolsa de investigación concedida polos cursos de verán de Darmstadt en 2008.